



Esfera terráquea

[1843]

Charles Dien

Cortesía do Museo Massó (Bueu-Pontevedra)



As *Viaxes extraordinarias* buscaban descubrir toda a Terra aos seus lectores, non en van tiñan o subtítulo de *Os mundos coñecidos e descoñecidos*. Para iso, Verne estaba ao día de todas as grandes exploracións da súa época, un período no que o imperialismo e o afán de saber conducían a lugares tan descoñecidos como a África interior. Unha imaxe repetida en multitude de ocasións amosa o autor planificando sobre un mapamundi a súa seguinte obra, localizando os territorios que aínda non pisaran os seus personaxes. Tal foi a súa pericia que, en ‘Cinco semanas en globo’ (1863), chegou a afirmar que o explorador Speke tiña razón cando situaba as míticas fontes do Nilo nas cataratas Ripon, o que non se confirmaría ata 1877. Só unha vez a súa imaxinación voou totalmente libre, e foi cando enviou o profesor Lidenbrock, o seu sobriño Axel e o seu guía Hans a un maravilloso subsolo que contiña un océano interior e animais extinguidos. Iso si, deixou a dúbida no lector de que, quizais, a ‘Viaxe ao centro da Terra’ fose só unha alucinación.



Esfera terráquea

[1843]

Charles Dién

Cortesía do Museo Massó (Bueu-Pontevedra)

Los Viajes extraordinarios buscaban descubrir toda la Terra a sus lectores, no en vano tenían el subtítulo de 'Los mundos conocidos y desconocidos'. Para eso, Verne estaba al día de todas las grandes exploraciones de su época, un período en el que el imperialismo y el afán de saber conducían a lugares tan desconocidos como la África interior. Una imagen repetida en multitud de ocasiones muestra al autor planificando sobre un mapamundi su siguiente obra, localizando los territorios que aún no habían pisado sus personajes. Tal fue su pericia que, en 'Cinco semanas en globo' (1863), llegó a afirmar que el explorador Speke tenía razón cuando situaba las míticas fuentes del Nilo en las cataratas Ripon, lo que no se confirmaría hasta 1877. Sólo en una ocasión su imaginación voló totalmente libre, y fue cuando envió al profesor Lidenbrock, su sobrino Axel y su guía Hans a un maravilloso subsuelo que contenía un océano interior y animales extinguidos. Eso sí, dejó la duda en el lector de que, quizás, el 'Viaje al centro de la Terra' fuera sólo una alucinación.